

| | |
|--|--------|
| 35 m ² rótulo opaco adosado | 235,24 |
| 36 | 403,3 |
| 37 | 369,69 |
| 38 m ² Carteleira publicitaria | 30,25 |
| 39 ud. instalación grúa | 672,16 |
| Módulos de Construcción: | |
| 40 m ² vivenda unifamiliar no rural | 665,44 |
| 41 m ² chalé | 727,04 |
| 42 m ² vivendas de VPO | 605,05 |
| 43 m ² edificio vivendas libres | 605,05 |
| 44 m ² de nave industrial | 234,86 |
| 45 m ² Obras de reforma | 212,49 |
| 46 m ² Sotos e locais comerciais | 605,05 |
| Peches (altura 1,80 m) | |
| 47 m armado con postes | 23,53 |
| 48 m bloques de formigón | 23,49 |
| 49 m de pedra | 100,65 |
| Muro Contención | |
| 50 m ³ muro contención | 167,76 |
| Cuarto de baño | |
| 51 m ² construcción cuarto de baño | 665,44 |
| Galpóns | |
| 52 m ² construcc.galpón | 106,25 |
| 53 m ² demolición de muros | 53,77 |

T A X A S :*Ordenanza 29. Taxa reguladora dos dereitos de exame*

| CONCEPTO | ANO 2008 |
|-------------------|----------|
| Grupo ou escala A | 25,56 |
| Grupo ou escala B | 17,04 |
| Grupo ou escala C | 12,78 |
| Grupo ou escala D | 8,52 |
| Grupo ou escala E | 5,33 |

Nova ordenanza fiscal nº 30, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Artigo 1. Disposición xeral

Ao amparo do disposto nos artigos 20 a 27 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, establécese a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente ordenanza a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituído no vo, solo ou subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeralidade ou unha parte importante da veciñanza.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras da telefonía móbil, que afecten á xeralidade ou unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que pola súa natureza dependan do aproveitamento do vo, solo ou subsolo da vía pública ou que estean en relación cos mesmos.

Artigo 4. Responsables

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Base imponible

A base imponible desta taxa constituíuena os ingresos brutos "atribuídos" ás empresas de telefonía móbil no concello de Cangas, establecéndose para o exercicio 2008 e seguintes, de non modificarse este artigo, un ingresos brutos estimados de 7.333.333,33 euros.

Artigo 6. Tipo de gravame e cota tributaria

1. A cota tributaria global ou tarifa básica desta taxa será o resultado de aplicar a porcentaxe do 1,5 % sobre a base imponible recollida no artigo anterior, isto é, 110.000.00 euros/ano.

2. A cota tributaria individualizada para cada operador que preste servizos de telefonía móbil no concello de Cangas será o resultado de aplicar a fórmula de cálculo seguinte:

COTA TRIBUTARIA=TB x CE, onde

TB é a tarifa básica por ano e que aquí se eleva a ... euros/ano.

CE é o coeficiente específico atribuíble a cada operador segundo a súa cota de mercado no concello. Este coeficiente específico atribuíble a cada operador obtérase a partir da cota total do mercado de telefonía móbil que lle corresponda a cada operador no concello de Cangas, incluíndo todas as súas modalidades tanto a de postpago coma de prepago.

Artigo 7. Devengo e periodo impositivo

1. A taxa devéngase:

- Cando se trate de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.
- Cando se trate de concesións ou autorizacións de aproveitamentos xa autorizados, o primeiro día de cada período natural que corresponda.
- Naqueles supostos nos que o aproveitamento especial a que fai referencia esta ordenanza fiscal non requira licenza ou autorización, dende o momento en que o aproveitamento especial comezara. A estes efectos, enténdese que comezou o aproveitamento no momento en que se iniciou a prestación do servizo aos cidadáns que o manden.

2. Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou vo das vías públicas se prolonguen en distintos exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de Janeiro de cada ano e o periodo impositivo comprenderá o ano natural.

3. Nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, as cotas prorratearanse por trimestres naturais.

4. Cando o día do inicio da utilización privativa ou do aproveitamento especial non coincida co ano natural, as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres que resten para finalizar o ano, incluído o de inicio da utilización ou aproveitamento.

5. No caso de cese na utilización privativa ou no aproveitamento especial, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o cese na utilización ou no aproveitamento.

6. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, a utilización ou aproveitamento do dominio público non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente aos trimestres naturais nos que a dita utilización ou aproveitamento non se desenvolva.

Artigo 8. Xestión da taxa

1. Establécese o réxime de autoliquidación para a xestión desta taxa.

2. Procederá polo suxeito pasivo a formular e ingresar catro autoliquidacións provisionais (datas límite, o 31 de marzo, 30 de xuño, 30 de setembro e 31 de decembro) polo importe do 25 % da tarifa básica que resulte de aplicar á fórmula recollida

no artigo 6 desta Ordenanza un coeficiente específico “provisio-
nal”, que coincidirá co coeficiente recollido no último informe
da Comisión del mercado de telecomunicaciones publicado.

3. Antes do 31 de marzo seguinte á finalización de cada
exercicio económico, o suxeito pasivo deberá formular unha au-
toliiquidación definitiva co coeficiente específico xa calculado
con datos definitivos, minorando o importe das autoliiquidacións
previamente aboadas. De ser o resultado positivo, deberase in-
gresar nese mesmo prazo. De ser o resultado negativo, procede-
rase á súa compensación no seguinte ou seguintes prazos a
aboar, sen que haxa lugar a devengo de xuros de demora a favor
do suxeito pasivo.

4. Aos efectos do cálculo do coeficiente específico atribuible
a cada operador, os suxeitos pasivos da taxa regulada nesta or-
denanza tenrán que acompañar a autoliiquidación definitiva
unha declaración acreditativa do número de usuarios para os
que o suxeito pasivo opera no termo municipal, incluíndo tanto
os servizos postpago coma os prepago.

A falta de presentación desta información en tempo e forma,
habilita ao concello a utilizar os datos de cota total do mercado
recollidos no último informe anual publicado pola Comisión del
mercado de telecomunicaciones, desagregado para o concello se
constase nel, ou os agregados para a comunidade autónoma de
Galicia ou polo conxunto nacional total, no seu defecto.

Artigo 9. Exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as
expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de
Tratados internacionais.

Artigo 10. Infraccións e sancións

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias,
así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada
caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei
xeral tributaria.

Disposición final

A presente ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de
Cangas, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no
Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1/1/2008,
permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación
expresa.

Cangas, 21 de decembro de 2007.—A Alcaldesa, Clara Millán
González. **2007012320**

* * *

A GUARDA

E D I C T O

Transcorrido o prazo de trinta días hábiles dende a publi-
cación no BOP do anuncio relativo á aprobación inicial da mo-
dificación mediante a actualización na contía do IPC das Orde-
nanzas Fiscais reguladoras da Taxa por expedición de docu-
mentos administrativos, da Taxa municipal por recollida e
inmovilización de vehículos na vía pública, da Taxa pola pre-
stación do servizo de mercado, da Taxa por instalacións de
quioscos na vía pública, da Taxa por entrada de vehículos, ca-
rruaxes e a través das beirarrúas e as reservas de vía pública
para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calque-
ra clase, da Taxa por recollida de lixo, da Taxa por sumidoiro e
da Taxa por outorgamento de licenzas de primeira ocupación
de vivendas, así como do anuncio de aprobación inicial da mo-
dificación da ordenanza reguladora da taxa (non só actualiza-
ción de tarifas), por servizo de distribución de auga, incluídos
os dereitos de enganche de lixeiras e colocación e utilización de
contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou su-
ministro señan prestados polas entidades locais, sen que con-
tra as mesmas se presentaran reclamacións ou suxestión, eléva-
se a aprobación provisoria a definitiva, procedéndose á súa pu-
blicación íntegra

1. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATI- VOS

A N E X O S

| | |
|--|----------|
| Por cada dictame do técnico municipal sobre recoñecemento de predio a pe- tición de particular | 36,26 € |
| Por cada informe sobre liña ou rasante solicitado con carácter previo e obri- gatorio á obtención de licenzas de obra | 72,63 € |
| Por cada licenzas de traspaso de establecemento ou industria, de pais a fillos ou entre cónxuxes | 108,90 € |

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo
Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de
2007, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no
Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación
a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a
súa modificación ou derogación expresa.

2. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA MU- NICIPAL POR RECOLLIDA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 5. Cota tributaria

A cota tributaria determínase por unha cantidade fixa, de
acordo coa seguinte tarifa:

| | |
|--|---------|
| EPÍGRAFE UN: Inmovilización. | |
| Por inmovilización | 14,57 € |
| EPÍGRAFE DOUS: Vehículos abandonados. | |
| Por vehículos retirados do seu emprazamento pola grúa: | |
| Enganche | 21,77 € |
| Retirada | 36,47 € |
| EPÍGRAFE TRES: Vehículos mal estacionados. | |
| Sen abandono do seu propietario retirados pola grúa (Municipal ou contratada): | |
| Enganche | 21,77 € |
| Retirada | 36,47 € |

Máis o 50% de recargo sobre os 36,47 € se a intervención se realiza dende
as 19.00 h. do sábado ás 08:00 h. do luns, así como dende as 19.00 h. das
vésperas de festivos ata as 08:00 h. do día seguinte. Aumentará nun 50% da
base de 36,47 € tódolos servizos que se realicen dende as 20.00 h. ás 08.00
h. da mañá.

| | |
|---------------------------|---------|
| EPÍGRAFE CATRO: Depósito. | |
| Por cada día ou fracción | 18,15 € |

EPÍGRAFE CINCO: Outros cargos.

Así mesmo, no cómputo da contía xeral para efectua-la retirada do vehículo,
deberán aboar a sanción que corresponda, segundo o cadro de Multas da Or-
denanza Municipal de Circulación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo
Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de
2007, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no
Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1
de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modifica-
ción ou derogación expresa.

3. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO

Artigo 5: Cuota tributaria

| CONCEPTO | EUROS |
|---------------------------|----------|
| Na planta alta: | |
| Postos 1, 4, 5 e 6, ó ano | 1.070,14 |
| Posto 2, ó ano | 353,11 |
| Posto 3, ó ano | 801,71 |
| Posto A, ó ano | 641,36 |